

Entrega do título de Fillo Adoptivo á familia de Santiago Rodríguez López

Palabras da Alcaldesa de Paradela

Como Alcaldesa de Paradela, hónrame representar neste acto a todos os habitantes do Concello, para facer entrega dunha distinción, lamentablemente a título póstumo, de Fillo Adoptivo do Concello ao xenetista e catedrático, con firmes raíces no pobo de Paradela, Santiago Rodríguez López.

Entre os primeiros deberes dun Concello, á altura de facilitar a vida dos seus cidadáns, de procurar o progreso en todas as ordes dos seus habitantes, está o de recoñecer as achegas persoais de cada un deles na vida de cada día, que se son imprescindibles para a convivencia cotiá no terreo persoal e familiar. Cando esas accións benéficas teñen incidencia na vida pública, quen representa os intereses colectivos debe prestar atención ás achegas singulares e, en casos especiais, formular público recoñecemento.

Iso é o que agora fai o Concello de Paradela con Santiago Rodríguez López, e é unha magoa que a celeridade que nos impuxemos en outorgarlle a merecida distinción fose superada pola enfermidade que nos impediu facer a entrega persoalmente ao interesado, facéndoo hoxe á súa familia máis directa, á que agradecemos a súa participación neste acto, ademais, e moi especialmente, pola conformación, arredor de Santiago, dunha unidade familiar plenamente incardinada na xeografía humana das xentes de Paradela.

Quero agradecer a todos os membros da Corporación municipal a unanimidade expresada na concesión do título de **FILLO ADOPTIVO DE PARADELA** a Santiago Rodríguez López. Esa unanimidade é a garantía de acerto na toma de decisións. Santiago Rodríguez merecía unanimidade en relación coa súa entrega, o seu traballo, os seus coñecementos, a súa devoción, o seu amor por Paradela, a súa patria máis cordial por ser a de seu pai, o noso Fillo Predilecto, Manuel Rodríguez López, "Poeta de Paradela".

Agradecemento, así mesmo, a todos os presentes, por participar neste acto de xustiza póstuma a un paradelense de adopción que, no mellor da vida, no momento

profesional docente no que consegue o máis alto nivel, ser Catedrático no Reino Unido no especial mundo da xenética, no momento de recoller froitos tanto tempo cultivados, recibimos como un mazazo a nova do seu pasamento, polo que lle damos á súa familia o máis sentido pésame.

Paradela dóese, como en corpo propio, da desaparición física deste noso Fillo de Adopción, unha distinción tan elevada como a de Fillo Predilecto, reservado por principio para os máis distinguidos dos que naceron no territorio do Concello.

No nome de Paradela, teño a honra de entregarlle o título de FILLO ADOPTIVO do noso Concello, á familia de SANTIAGO RODRÍGUEZ LÓPEZ.